



PROCESO SELECTIVO DÚAS PRAZAS DE TÉCNICO/A AUXILIAR DE BIBLIOTECA
QUENDA RESTRINXIDA DE PROMOCIÓN INTERNA HORIZONTAL

PRIMEIRO EXERCICIO – TIPO TEST

- 1) **O concepto tradicional de biblioteca baséase en:**
 - a) Colección, difusión, organización e mantemento
 - b) Selección, adquisición e organización
 - c) Fondo bibliográfico, organización, difusión e tipo de usuarios
 - d) Colección, selección, usuarios e difusión

- 2) **Nas bibliotecas, o acceso ó documento suele ser:**
 - a) Directo
 - b) Indirecto
 - c) Restringido
 - d) Combinación de acceso directo e indirecto

- 3) **A IFLA clasifica as bibliotecas da seguinte maneira:**
 - a) Polos seus fondos, polo seu persoal e polos seus usuarios
 - b) Nacionais, públicas, de centros docentes e especiais
 - c) Xerais de investigación, especiais e de servizo ó público en xeral
 - d) Ningunha é correcta

- 4) **A biblioteca que ten fondos tradicionais e documentos electrónicos é:**
 - a) Unha biblioteca dixital
 - b) Unha biblioteca híbrida
 - c) Unha biblioteca universitaria
 - d) As respostas B e C son correctas

- 5) **Unha biblioteca Nacional é:**
 - a) Xeral polos seus fondos e seus usuarios
 - b) Xeral polos seus fondos e especializada polos seus usuarios
 - c) Especializada polos seus fondos e Xeral polos usuarios
 - d) Especializada polos seus fondos e polos seus usuarios



- 6) **É una función conveniente, pero non imprescindible, da Biblioteca Nacional:**
- a) Actuar como centro bibliográfico nacional
 - b) Planificar e coordinar o préstamo interbibliotecario
 - c) Participar na planificación de servizos bibliotecarios do país
 - d) Promocionar o ensino profesional
- 7) **Destas funcións non ten por qué ser desempeñada necesariamente pola Biblioteca Nacional...**
- a) Reunir, conservar e organizar os manuscritos do país
 - b) Ser receptora do Depósito Legal
 - c) Fomentar normas nacionais para a información
 - d) Participar nos servizos bibliotecarios do país
- 8) **O fondo da Biblioteca Universitaria integra:**
- a) So fondos ingresados por compra
 - b) Toda a bibliografía recomendada polos profesores
 - c) Todos os fondos bibliográficos e documentais da Universidade
 - d) Todos os fondos bibliográficos e documentais da Universidade, exceptuando os fondos das bibliotecas departamentais
- 9) **Unha biblioteca é especializada por:**
- a) O grupo de usuarios atendidos
 - b) O material
 - c) O organismo do que dependen
 - d) Todas as respostas son correctas
- 10) **A biblioteca especializada diferénciase doutras bibliotecas na seguinte función:**
- a) Servizo de información e referencia
 - b) Prioridade do servizo de consulta en sala
 - c) Elaboración de guías da biblioteca
 - d) Servizo de difusión selectiva da información



11) Se cataloga:

- a) Nas bibliotecas especializadas, pero non nos centros de documentación
- b) Nos centros de documentación, pero non nas bibliotecas especializadas
- c) Nas bibliotecas especializadas e nos centros de documentación
- d) Nin nas bibliotecas especializadas nin nos centros de documentación

12) As pautas para bibliotecas públicas foron redactadas por:

- a) A UNESCO
- b) A FILAD
- c) O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte
- d) A IFLA

13) As necesidades que debe satisfacer a biblioteca pública son:

- a) Necesidade de coñecemento
- b) Necesidade de aptitudes culturais
- c) Necesidade de incentivos para renovar constantemente a nosa identidade, autocomprensión e desenvolvemento persoal
- d) Todas as respostas son correctas

14) O óptimo para deseñar unha nova biblioteca é:

- a) Que sexa un edificio de nova construción
- b) Que sexa un edificio xa construído e céntrico
- c) Que sexa un edificio xa construído e rehabilitado
- d) Que sexa un edificio que non permita ampliación

15) O método máis sinxelo para conseguir ventilación é:

- a) Un bó sistema de aire acondicionado
- b) Poñer ventiladores no teito
- c) Deixar a porta de entrada sempre aberta
- d) Situar as ventás de modo que produzan correntes



16) As estanterías deben ser:

- a) Fáciles de limpar
- b) Teñen que ter rodas para que se poidan mover
- c) Tanto nos depósitos como nas salas de consulta sempre deben ser de aceiro
- d) Sempre deben estar pegadas ás paredes

17) As estanterías tipo "compactus":

- a) Permiten unha mellor ventilación dos fondos
- b) Non resgardan os fondos da luz e o po
- c) Poden dispoñer dun cerre de seguridade
- d) So son manuais

18) As siglas SIGB significan:

- a) Sistemas Interfaces de Gestión de Bibliotecas
- b) Sistemas Integrados de Gestión de Bibliotecas
- c) Sistemas Integrados de Gobernabilidad de Bibliotecas
- d) Sistemas integrales de Gobernabilidad de Bibliotecas

19) O fin principal da catalogación automatizada é:

- a) Facilitar e alixerar a catalogación
- b) A automatización dos catálogos
- c) A utilización do OPAC
- d) Que o usuario recupere a información coa máxima eficacia a través do OPAC

20) Un OPAC é:

- a) Onside Publica Access Catalog
- b) Online Public Access Catalog
- c) Online Politics Access Catalog
- d) Ningunha das respostas é correcta



21) Para que empece a funcionar o sistema automatizado ea biblioteca, é preciso:

- a) A existencia dun acordo previo de colaboración interbibliotecaria e interuniversitaria
- b) Que os usuarios teñan coñecementos de informática
- c) Que exista un formato normalizado de rexistro bibliográfico
- d) Que os bibliotecarios teñan coñecementos informáticos

22) O módulo de adquisicións permitirá:

- a) Control estadístico: provedores, adquisicións e gastos
- b) Control de recepción e reclamacións e do presuposto
- c) Facer unha precatalogación da obra pedida
- d) Todas as respostas son correctas

23) O módulo mais complexo do sistema de automatización é:

- a) O módulo de adquisicións
- b) O módulo de préstamo
- c) O módulo de catalogación
- d) Os tres por igual

24) Un catálogo de uso interno é, por exemplo:

- a) O de títulos
- b) O de autores e obras anónimas
- c) O sistemático
- d) O topográfico

25) Son principios básicos do catálogo alfabético de materias:

- a) Principio de economía e normalidade
- b) Principio de normalización e uso
- c) Principio de materia e economía
- d) Principio de economía e de uso



- 26) O catálogo sistemático é:**
- a) Un catálogo de obras de referencia ordenadas alfabéticamente
 - b) Un catálogo de materias ordenado con un sistema convencional de notación
 - c) Un catálogo de materias ordenado alfabéticamente por encabezamentos
 - d) Un catálogo que nos indica a ubicación dos libros na biblioteca
- 27) El Museo de Pontevedra foi creado a proposta de:**
- a) Gaspar Massó, César Lois e Alfredo Espinosa
 - b) César Lois, Alfredo Espinosa e Francisco Javier Sánchez Cantón
 - c) César Lois, Alfonso Rodríguez Castelao e Casto Sampedro
 - d) Gaspar Massó, César Lois e Enrique López de la Ballina
- 28) Qué edificio do Museo de Pontevedra alberga a Sala de Investigación?**
- a) Castro Monteagudo
 - b) Castelao
 - c) Fernández López
 - d) García Flórez
- 29) A primeira sede do Museo de Pontevedra foi:**
- a) As ruínas de Santo Domingo
 - b) O edificio Castro Monteagudo
 - c) O edificio Sarmiento
 - d) O edificio García Flórez
- 30) A imprenta non tería lugar de non ter contado con:**
- a) Os privilexios reais concedidos ós impresores
 - b) Os adiantos na fabricación de tintas
 - c) A difusión do papel
 - d) A protección do Papa



31) Son características dos incunables:

- a) As portadas con ilustracións
- b) Adoitan carecer de portada
- c) As portadas con vexetación gótica estilizada de tipo xeométrico
- d) As portadas con ilustracións iluminadas a man

32) Unha clasificación que se ciña unicamente a unha materia ou campo de materias é:

- a) Enciclopédica
- b) Especializada
- c) Especial
- d) Colonada

33) Clasificación sistemática quere decir:

- a) Que permite a continuación de ideas
- b) Que describe a obra nos seus aspectos esenciais
- c) Que usa varios sistemas de notación
- d) Que procede do xeral ó particular

34) Pola súa estrutura as clasificacións poden ser:

- a) Sintéticas ou facetadas
- b) Analíticas ou enumerativas
- c) Mixtas
- d) Todas as respostas son correctas

35) Según a clasificación de bibliotecas da UNESCO, en qué categoría estaría incluída a biblioteca do Museo do Prado?

- a) Bibliotecas especializadas
- b) Bibliotecas de institucións de ensino superior
- c) Bibliotecas públicas
- d) Bibliotecas de investigación



- 36) De Domingo Fontán, una de las figuras más importantes de la cartografía gallega, se conserva en el Museo:
- a) La Carta Geográfica de Galicia
 - b) La Carta Geométrica de Galicia
 - c) El Mapa Geográfico de Galicia
 - d) El Mapa Geométrico de Galicia
- 37) Qué é BIMUS?
- a) A plataforma dixital que conecta tódolos museos
 - b) Unha rede de bibliotecas creada pola IFLA
 - c) A Rede de Bibliotecas de Museos
 - d) Ningunha resposta é correcta
- 38) Cal é obxectivo do BIMUS?
- a) Crear un catálogo colectivo que permita o traballo cooperativo entre as bibliotecas da rede
 - b) Acercar as bibliotecas dos museos á sociedade
 - c) Poñer en valor os fondos custodiados por estes centros
 - d) Todas as respostas son correctas
- 39) Cantos centros integran BIMUS na actualidade?
- a) Dezaséis
 - b) Vinte
 - c) Vinteún
 - d) Quince
- 40) Destes catro tipos de bibliotecas, cal podemos considerar como especializada:
- a) Biblioteca de cárceres
 - b) Bibliotecas diocesanas
 - c) Bibliotecas escolares
 - d) Bibliobuses



Preguntas de reserva

41) O Museo de Pontevedra

- a) Sucedeu á Sociedad Arqueológica de Pontevedra trala sua extinción en 1937
- b) Sucedeu á Sociedad Arqueológica de Pontevedra trala sua extinción en 1927
- c) Escindiuse da Sociedad Arqueológica de Pontevedra en 1927
- d) Escndiuse da Sociedad Arqueológica de Pontevedra en 1937

42) Cal dos servizos propios dunha biblioteca posee a biblioteca da Diputación de Pontevedra?

- a) Servizo de referencia
- b) Préstamo domiciliario
- c) Servizo de reprografía
- d) Todas as respostas son correctas

43) Cómo denomina a IFLA a aquelas bibliotecas cuxa función principal é satisfacer as necesidades de información para a aprendizaxe e investigación?

- a) Bibliotecas escolares
- b) Bibliotecas públicas
- c) Bibliotecas académicas
- d) Bibliotecas universitarias

44) Cal é o modelo correcto de sinatura do material cartográfico do Museo de Pontevedra?

- a) MH n°
- b) Cart n°
- c) CART n°
- d) CAP n°



- 45) Unha das funcións primordiais da Biblioteca Universitaria é:
- a) A conservación do Patrimonio Bibliográfico Rexional
 - b) A elaboración da bibliografía nacional
 - c) O apoio á docencia, ó estudo, á lectura, á investigación e á formación
 - d) La organización de actividades e programas de promoción da lectura

RESPOSTAS 1º EXERCICIO TIPO TEST DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR DÚAS PRAZAS DE TÉCNICO/A DE AUXILIAR DE BIBLIOTECA, RESERVADA Á QUENDA RESTRINXIDA DE PROMOCIÓN INTERNA HORIZONTAL.

1	C	21	C
2	D	22	D
3	D	23	C
4	D	24	D
5	B	25	D
6	D	26	B
7	C	27	A
8	C	28	C
9	D	29	B
10	B	30	C
11	C	31	B
12	D	32	B
13	D	33	D
14	A	34	D
15	D	35	A
16	A	36	B
17	C	37	C
18	B	38	D
19	D	39	C
20	B	40	B

PREGUNTAS DE RESERVA:

41	B	44	A
42	D	45	C
43	C		

De conformidade co disposto na base décimo sétima da convocatoria publicada no BOPPO N° 151 de data 5/08/2024, as aspirantes que participaron neste exercicio dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das respostas correctas, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

O Secretario do Tribunal.

Asdo. José Antonio Gulías Varela.

